

por Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado nos seguintes termos:

«As contías resultantes da aplicación do establecido no punto anterior deste artigo, calculadas en cómputo anual, reduciranse nun importe igual ao das rendas ou ingresos anuais de que, se é o caso, dispoña cada beneficiario, salvo o disposto no artigo 147.»

Dous. Engádesse un parágrafo segundo ao artigo 147 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, nos seguintes termos:

«No caso de persoas que con anterioridade ao inicio dunha actividade lucrativa viñesen percibindo pensión de invalidez na súa modalidade non contributiva, durante os catro anos seguintes ao inicio da actividade, a suma da contía da pensión de invalidez e dos ingresos obtidos pola actividade desenvolvida non poderán ser superiores, en cómputo anual, ao importe, tamén en cómputo anual, do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente en cada momento. En caso de exceder da devandita contía, minorarase o importe da pensión no 50 por 100 do exceso sen que, en ningún caso, a suma da pensión e dos ingresos poida superar 1,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Esta redución non afectará o complemento previsto no punto 6 do artigo 145 desta lei.»

#### Disposición adicional única.

Modifícase o punto 3 do artigo 189 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado nos seguintes termos.

«3. A percepción das asignacións económicas por fillo minusválido a cargo, establecidas no punto 2, alíneas b) e c), do artigo 182 bis, será incompatible coa condición, por parte do fillo, de pensionista de invalidez ou xubilación na modalidade non contributiva.»

#### Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente lei e, especialmente, o Real decreto 364/2004, do 5 de marzo, sobre mellora das pensións de orfandade en favor de minusválidos.

#### Disposición derradeira primeira.

Autorízase o Goberno a ditar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento da presente lei sexan necesarias.

#### Disposición derradeira segunda.

A presente lei entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 6 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## 9395

*LEI 9/2005, do 6 de xuño, para compatibilizar as pensións do seguro obrigatorio de vellez e invalidez (SOVI) coas pensións de viuvez do sistema da Seguridade Social.* («BOE» 135, do 7-6-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os pasados 4 de febreiro de 2003 e 19 de febreiro de 2002 debateuse no Pleno do Congreso dos Deputados unha Proposición de Lei do Grupo Parlamentario Catalán (Convergència i Unió) relativa a compatibilizar as pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez (SOVI) coas pensións de viuvez do sistema da Seguridade Social.

En ambas as ocasións a iniciativa foi rexeitada polo grupo maioritario, aínda que quedou demostrado a través das diversas intervencións dos voceiros dos grupos que a totalidade da Cámara, tanto aqueles grupos parlamentarios que se situaron a favor da toma en consideración da iniciativa como o grupo que a rexeitou, se mostraba favorable a encontrar solucións a esta situación discriminatoria e lamentaba que a devandita iniciativa non prosperase.

Neste mesmo sentido, durante a tramitación do proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e da orde social que acompañou os orzamentos xerais do Estado para o ano 2003, o grupo maioritario nesta Cámara reconeceu, de maneira explícita, que a situación dos pensionistas do SOVI era tamén unha preocupación do Goberno e que este levaba a cabo estudos sobre os custos económicos que se derivarían de compatibilizar estas pensións coas de viuvez. Existía, pois, unha clara vontade de encontrar unha solución ao devandito problema por razóns de solidariedade social e de necesidade.

Todo iso pon de manifesto a preocupación, sen dúbida xustificada, da Cámara e do Goberno, respecto a este tipo de pensións, as de máis reducida contía de todas as de carácter contributivo.

Por todo iso, e unha vez aprobados os orzamentos xerais do Estado para o ano 2003, o Grupo Parlamentario Catalán (Convergència i Unió) volve presentar esta proposición de lei, co obxecto de posibilitar un marco de debate, en sede parlamentaria, que permita eliminar a discriminación que recae sobre un numeroso colectivo de cidadáns e cidadás.

En efecto, as pensións do SOVI están suxeitas a un réxime de incompatibilidades moi estrito. Deste modo, as pensións do SOVI (vellez, invalidez e viuvez) son incompatibles entre si e con calquera outra pensión dos réximes que integran o sistema da Seguridade Social ou o réxime de clases pasivas. Isto significa que, cando nunha mesma persoa concorra o dereito a máis dunha de tales pensións, deberá optar pola que considere máis beneficiosa.

A xustificación á existencia do devandito réxime de incompatibilidade baséase no feito de que as pensións do SOVI só se reconecen para compensar o que non se poida acceder a outras pensións do sistema e calquera compatibilidade carecería de sentido.

Porén, non é menos certo que as pensións do SOVI son as máis baixas do noso sistema de protección social contributiva e que, tal como veñen afirmando diversos informes, desde mediados dos anos noventa se está configurando no noso país unha importante bolsa de pobreza formada por persoas maiores, principalmente mulleres.

Por todo iso, e por mor de avanzar na mellora do noso sistema de protección social, enténdese necesario flexibilizar o réxime de incompatibilidades a que están suxeitas as pensións SOVI. O seu carácter residual e o feito de

seren estas pensións o principal medio de subsistencia dun importante colectivo de persoas maiores xustifican a súa compatibilidade coas pensións de viuvez de calquera dos réximes do actual sistema da Seguridade Social ou do réxime de clases pasivas.

#### Artigo único.

Modifícase a disposición transitoria sétima do Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que queda redactada nos seguintes termos:

«Os que en 1 de xaneiro de 1967, calquera que fose a súa idade na devandita data, tivesen cuberto o período de cotización exixido polo extinguido seguro de vellez e invalidez ou que, no seu defecto, tivesen figurado afiliados ao extinguido réxime de retiro obreiro obrigatorio, conservarán o dereito a causar as prestacións do primeiro dos devanditos seguros, consonte as condicións exixidas pola súa lexislación, e sempre que os interesados non teñan dereito a ningunha pensión a cargo dos réximes que integran o sistema da Seguridade Social, con excepción das pensións de viuvez de que poidan ser beneficiarios; entre tales pensións entenderanse incluídas as correspondentes ás entidades substitutorias que se teñen que integrar no devandito sistema, de acordo co previsto na disposición transitoria oitava da presente lei.

Cando concorran a pensión de viuvez e a do seguro obrigatorio de vellez e invalidez, a súa suma non poderá ser superior ao dobre do importe da pensión mínima de viuvez para beneficiarios con 65 ou máis anos que estea establecido en cada momento. En caso de se superar o devandito límite, procederase á minoración da contía da pensión do seguro obrigatorio de vellez e invalidez, no importe necesario para non exceder do límite indicado.»

**Disposición transitoria única.** *Aplicación paulatina da concorrencia entre as pensións de viuvez e as pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez.*

O previsto no último parágrafo da disposición transitoria sétima do Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social desta lei, será tamén de aplicación ás situacións de concorrencia entre as pensións de viuvez e as pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez, que se puidesen ter xerado antes da entrada en vigor da presente lei.

#### Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan á presente lei.

#### Disposición derradeira primeira.

A presente lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

#### Disposición derradeira segunda.

Os efectos económicos do previsto nesta lei produciranse a partir do día 1 de setembro de 2005.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 6 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

#### 9396

**REAL DECRETO LEI 9/2005, do 6 de xuño, polo que se prorroga o prazo previsto na disposición transitoria quinta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, para a renovación dos contratos dos profesores asociados contratados conforme a lexislación anterior.** («BOE» 135, do 7-6-2005.)

A disposición transitoria quinta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece no seu punto 1 que á entrada en vigor da lei aqueles profesores asociados contratados no seu día en universidades públicas, conforme a Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, poderán permanecer na súa mesma situación consonte a lexislación que lles viña sendo aplicable, ata a finalización dos seus contratos. Non obstante, establécese tamén na citada disposición que os devanditos contratos poderán ser renovados consonte a lexislación que lles viña sendo aplicable sen que a súa permanencia en tal situación se poida prolongar por máis de catro anos, contados desde a entrada en vigor da citada Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro. Como queira que a data efectiva de entrada en vigor da devandita lei orgánica foi o 13 de xaneiro de 2002, quere iso dicir que o prazo resolutorio finalizaría o 13 de xaneiro do ano 2006.

Con independencia de que gran parte da regulación do profesorado contida na citada lei será obxecto de profunda revisión na súa anunciada modificación, o certo é que o prazo fixado pola anteriormente citada disposición transitoria quinta resulta a todas luces insuficiente para asegurar a transición do vello ao novo marco, sen poñer en grave perigo o desenvolvemento normal da actividade académica das universidades, o que motivou o compromiso coa comunidade universitaria para a adopción das medidas xurídicas necesarias co fin de garantir tal actividade académica.

A figura do profesor asociado experimenta na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, un cambio substancial con respecto á súa anterior configuración legal, xa que a nova lei só permite a súa variante a tempo parcial, sen que se conteña referencia ningunha de asociados a tempo completo. Deste modo, o moi numeroso grupo de docentes que integran este grupo na universidade española tería que se reconducir a algunha das figuras contractuais previstas por aquela.

Todo iso xeraría unha situación de incerteza que afectaría de forma directa e decisiva a programación docente dos moi numerosos departamentos ou áreas de coñecemento que contan con asociados a tempo completo, o que sen dúbida produciría problemas irresolubles na planificación do próximo curso académico. Por outro lado, unha vez transcorrido o primeiro trimestre deste, os profesores asociados a tempo completo terían que ser despedidos ou reconvertidos como axudantes conforme as previsións da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, o que suporía non só unha mingua das súas condicións laborais e salariais, senón, ademais, unha notable diminución da capacidade docente para a propia universidade, pois a docencia de que se fai cargo un profesor ata decembro tería que ser suplida por polo menos dous a partir de xaneiro de 2006.

Ante tal horizonte e na obriga que lle compete ao Goberno de garantir o normal desenvolvemento académico das universidades, non cabe senón concluir a urxente e extraordinaria necesidade de establecer, coa maior brevidade, un prazo diferente ao previsto pola repetida disposición transitoria quinta, que faga compatibles as exixencias de organización e o normal desenvolvemento das tarefas docentes cunha adecuada transición desde o antigo sistema contractual da Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, ao novo pre-